UNIVERSIDADE
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**
D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Tojo Suárez
D. Manuel González Piñeiro
D. José Barreiro Somoza
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Andrés Ramón Trillo García
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Pedro A. Araújo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
Dª Carmen Becerra Suárez
D. Luis Bernal Conde
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José Mª Correa Otero
D. Antón Fernández Alvarez
D. Manuel Fernández Areal
Dª Esperanza Fernández Gómez
D. José Mª Gil Villanueva
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Juan Janeiro Vilaboa
Dª Mª del Pilar López Vidal
D. Carlos Mollinedo Lois
Dª Camino Noia Campos
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Pérez Gómez
Dª Ana Belén Reboredo Fernández
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José A. Sampayo Fernández
D. José Manuel Santos Suárez

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o trinta de xullo de mil novecentos noventa e sete, ás 10.00 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O luns, **día 30 de xullo de 1997**, ás 11.50 horas, celebrouse sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1º.- Asuntos urxentes de Profesorado: Prazas BOE e Profesores Visitantes.
2º.- Aprobación, se procede, de plano de estudios de Traballo Social.
3º.- Asuntos do Vicerrectorado de Economía: Asignación, se procede, do remanente de tesourería do exercicio de 1996.
4º.- Eliminación de materias chave do plano de estudios de 1973 da Escola Universitaria de Estudios Empresariais de Vigo.
5º.- Renovación da Comisión de Doutoramento.

O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, antes de comeza-la sesión, indica os cambios no seu Equipo, no que se substitúen os Vicerrectores de Ordenación Universitaria e de Profesorado, cargos que ocuparan os profesores D. Manuel González Piñeiro e D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal; agradécelle os servicios prestados ós Vicerrectores saíntes, profesores D. Carlos Martínez-Peñalver Freire e D. Eusebio Corbacho Rosas.

No **punto 1**, apróbase a saída a BOE da praza:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| X09 | 650 | TIT-UN | Vigo | José A. Comesaña Benavides |

Apróbase a contratación dos seguintes profesores visitantes:

H06 "**Traducción, Lingüística e Teoría da Literatura**", área 573 "**Lingüística Aplicada á Traducción e Interpretación**":
-D. Robert Neal Baxter, coa retribución de PP1.

T04 "**Enxeñería Química**", área 555 "**Enxeñería Química**":
-D. Michel Keddam, coa retribución de TIT-UN.
-D. Hisasi Takenouti, coa retribución de TIT-UN.

T10 "**Matemática Aplicada**", área 595 "**Matemática Aplicada**":
-D. Vaja Tarieladze, coa retribución de TIT-UN.
-D. Hong-Kun Xu, coa retribución de TIT-UN.
-D. Ivanovich Aptekarev, coa retribución de TIT-UN.

T12 "**Tecnoloxía das Comunicacións**", área 560 "**Enxeñería Telemática**":

-D. Ubaldo García Palomares, coa retribución de TIT-UN.
T12 "**Tecnoloxía das Comunicacións**", área 800 "**Teoría do Sinal e Comunicacións**":
-D. Oscar William Márquez Flórez, coa retribución de TIT-UN.

X06 "**Economía Aplicada**", área 225 "**Economía Aplicada**":
-D. José María Chamorro Rivas, coa retribución de TIT-EU.
-D. María José Caride Estévez, coa retribución de PP1.
-D. Eva Rodríguez Míguez, coa retribución de TIT-EU.
-D. Carlos Grandín Lago, coa retribución de TIT-EU.

Tamén, na sesión extraordinaria celebrada por esta Xunta de Goberno con data 21 de xullo de 1996, foi aprobada a contratación como profesores visitantes aínda que non quedou reflectido na acta nin nos acordos, dos seguintes:

X06 "**Economía Aplicada**", área 225 "**Economía Aplicada**":
-D. Fernando del Rio Iglesias, coa retribución de TIT-EU.
-Dª. Raquel Arevalo Tomé, coa retribución de TIT-EU.
-D. Philippe Polomé, coa retribución de TIT-EU.

No **punto 2** o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, explica que hai unha petición (anexo I) de inclusión como punto do Orde do día de "Aprobación, se procede, do Plano de Estudios de Traballo Social"; indica que debido á remodelación no Vicerrectorado de Ordenación Universitaria, así como dunha serie de escritos enviados polo Colexio Oficial de Traballo Social (anexo II), solicita a retirada do punto da Orde do día.

O Decano da Facultade de Humanidade de Ourense, D. Xosé Manuel Cid Fernández, di que o plano de estudio achegouse con tempo de abondo para que fose aprobado e incluso a programación da Facultade fíxose co novo plano de estudios; pide polo tanto que se aprobe e se implante no curso 97/98.

Prodúcese unha votación sobre a retirada ou non do punto, co seguinte resultado:

| | |
|---|---|
| -a favor da retirada: | 21 votos |
| -en contra: | 13 votos |
| -abstencións: | 0 |

Retírase o punto da Orde do día.

No **punto 3**, o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco, explica a razóns polas que non se presenta a memoria económica correspondente o ano 1996 e a necesidade de asigna-lo remanente de tesourería á distintas actuacións prioritarias para poder executa-las correspondentes partidas orzamentarias.

Apróbase por asentimento a asignación do remanente de tesourería do exercicio de 1996 (anexo III).

No **punto 4**, o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Manuel González Piñeiro, le o escrito enviado pola Xunta de Escola da E.U. de Estudios Empresariais de Vigo (anexo IV), no que se solicita a "eliminación de materias chave do plano de estudios de 1973", que nestes intres atópase en extinción.

Apróbase por asentimento a eliminación de materias chave do plano de estudios de 1973 da Escola Universitaria de Estudios Empresariais de Vigo.

O **punto 5**, Renovación da Comisión de Doutoramento, retírase xa que ten que existir unha proposta por parte dos Departamentos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12.20 h. do día 30 de xullo de 1997 da que eu como Secretario dou fe, co visto e prace do Rector.

| | |
|---|---|
| O Rector, | O Secretario Xeral, |
| José Antonio Rodríguez Vázquez | Xosé Luís Legido Soto |